

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MARÍN

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE MARIN PARA A CREACIÓN DUN NOVO MERCADILLO EN SEIXO

O Pleno do Concello de Marín, en sesión ordinaria celebrada o día 8 de maio de 2015, previa desestimación das alegacións presentadas no período de información pública, aprobou definitivamente a modificación do Regulamento de Venda Ambulante do Concello de Marín, para a creación dun novo mercadillo en Seixo, que fora aprobada inicialmente por acordo plenario de data 13 de febreiro de 2015, e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n.º 41, do 2 de marzo de 2015, e no Taboleiro de anuncios do Concello de Marín, procedéndose á publicación íntegra da referida modificación, en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

A citada modificación do Regulamento de Venda Ambulante do Concello de Marín non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da citada Lei 7/1985.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime pertinente.

MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE VENDA AMBULANTE DO CONCELLO DE MARÍN

Procédese á modificación dos artigos 7, 8 e 10 do referido Regulamento de Venda Ambulante do Concello de Marín, que quedan redactados como segue:

O parágrafo final do artigo 7 queda redactado do seguinte modo:



«(...) No solo urbano de Marín o mercadillo celebrarásese os xoves de cada semana, anticipándose a súa celebración ó día anterior cando o xoves fora festivo ou ó seu precedente si ése día tamén fose festivo. No solo urbano de Seixo o mercadillo celebrarásese todos os sábados do ano, manténdose o mesmo día aínda que fora festivo.»

O artigo 8 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 8.—*Localización e número de postos.*

a) No solo urbano de Marín:

Lugares: Serafín Tubio, Calzada, Augusto Miranda e prolongación de Secundino Lorenzo, Riveira, e Praza da Veigiña.

Número de postos: ata 200

Lugar: Banda do Río (próxima a rúa do Forte)

Número de postos: según o espacio disponible

Venda de produtos da horta (non flores) en furgonetas, vehiculos tenda (non camiós)

Banda do Río (Lameira do nº 1-7) según o espacio disponible

Venda de flores e palmas nas datas de difuntos e festividade de Ramos

Lugar: No entorno da Alameda

Venda de castañas asadas durante o outono

De xeito extraordinario naqueles lugares que o Concello autorice

Bocaterías, pulperías, churrerías e cervexerías:

Nos ceminterios

A venda de flores a granel durante todo o ano

Fora das rúas e prazas sinaladas queda terminantemente prohibida a venda ambulante, salvo as autorizacións expresas concedidas pola Alcaldía ao amparo do disposto nesta Ordenanza.



b) No solo urbano de Seixo:

Lugares: rúas Camiño Vello de Seixo e Acceso ó Grupo Escolar

Número de postos: ata 100. »

O artigo 10 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 10.—Periodicidade e horario.

a) No solo urbano de Marín:

Serafín Tubío, Riveira, Calzada, Augusto Miranda e prolongación de Secundino Lorenzo, e praza da Veigiña .Instalaránse ata 200 postos

Todos os xoves do ano, en caso de coincidencia en festivo o mercadillo celebrarase o día anterior.

Horario de 7 a 13.30 horas

O horario de acceso o recinto de vehículos será das 7 ás 9 horas, quedando prohibida a entrada fora do horario indicado, así como a instalación do posto baleiro por outro vendedor.

Unha vez finalizada a operación de descarga de mercadorías non poderá permanecer no interior do recinto ningún vehículo a partir das 9 ,00 horas.

Horario de recollida: ata 13,30 horas nos meses de maio,xuño,xullo,agosto e setembro e ás 13:00 nos restantes meses

Todos aqueles vendedores que non tiveran levantado o seu posto ás 15,30 horas serán denunciados pola Policía Local e os vehículos retirados pola grúa.

b) No solo urbán de de Seixo

Tódolos sábados do ano, manténdose o mesmo día se fora festivo.

Horario de 15.30 a 20 horas, e ata as 21 horas nos meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro.

O horario de acceso o recinto de vehículos será de 15.30 e ata as 16,30 horas, quedando prohibida a entrada fóra do horario indicado, así como a instalación do posto baleiro por outro vendedor.



Una vez finalizado a operación de descarga de mercadorías non poderá permanecer no interior do recinto de recollida ata as 21 horas e nos meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro ata as 22 horas.

Todos aqueles vendedores que non tiveran levantado o seu posto fóra do horario autorizado, serán denunciados pola Policía Local e os vehículos retirados pola grúa.»

Marín a 21 de maio de 2015.—A Alcaldesa, María Ramallo Vázquez.

